

PLAN DE IGUALDADE



I.E.S. XESÚS FERRO COUSELO 2023-2024

Aprobado CCP e Claustro (-01-2024) e CE (-01-2024)

Táboa de contido

<u>1.INTRODUCCIÓN.....</u>	<u>3</u>
<u>2.CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.....</u>	<u>3</u>
<u>3.ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.....</u>	<u>4</u>
<u>4.OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:.....</u>	<u>8</u>
<u>4.1.Promoción.....</u>	<u>8</u>
<u>4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero ou LGBTifobia.....</u>	<u>9</u>
<u>5.MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:.....</u>	<u>9</u>
<u>5.1. Organización do centro.....</u>	<u>9</u>
<u>5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes...9</u>	<u>9</u>
<u>5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización.....9</u>	<u>9</u>
<u>5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.....10</u>	<u>10</u>
<u>7. ANEXO : ESQUEMA DE ACTUACIÓN para abordar as condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.....</u>	<u>11</u>

1. INTRODUCCIÓN

O Plan de Igualdade é un documento anual que se remitirá á inspección educativa como anexo da PXA dentro do capítulo IV.

Elabóralo a dirección do centro coa colaboración da xefa de orientación, vicedirección e a persoa do consello escolar designada como responsable de Igualdade. Durante o curso 2023-2024 continuará como docente responsable a profesora D^a M^a José González Peralta.

O obxectivo do Plan é conseguir que a coeducación (Coeducar = educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo), sexa parte da marca de identidade do centro, o noso estilo educativo, a liña metodolóxica empregada por todo o profesorado.

A coeducación é para nós un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua, e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

- No PEC temos referencias

Apartado 3 Notas de identidade

Punto 3,3

“O centro asume e propugna os valores democráticos, especialmente, o pluralismo, a integración e a inclusión, a coeducación, a sostibilidade e o diálogo. Facendo fincapé na importancia dos métodos e estratexias utilizadas na resolución dos conflitos, a inclusión, a prevención do acoso escolar e a coeducación.”

Punto 3. 4.

“En todos os casos farase un uso non sexista da linguaxe, independentemente que a lingua usada sexa o galego ou o castelán.

Por outro lado, fomentarase a implantación dunha linguaxe inclusiva, oral e escrita, a todos os niveis e na cotiá”.

Apartado 4 Obxectivos /obxectivos pedagóxicos:

“Impulsar unha educación para a igualdade sexual, social e cultural, educando na diversidade e fomentando en todo momento o respecto mutuo como valor primordial e incorporalo nas programacións didácticas. En definitiva, coeducar”.

- Dentro do Plan de convivencia aparece como obxectivo

“Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas para así conseguir a integración de todo o alumnado sen ningún tipo de discriminación”.

Por outra banda

As condutas contrarias á convivencia que poden encaixar como violencia de xénero e/ou LGBTIfobia están tipificadas como graves e recóllense dentro dos apartados h), i), K), n) e p) no artigo 15 da lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

- Dentro das NOF non hai un tratamento específico de prevención e/ou sanción contra as condutas tipificadas como violencia de xénero, contrarias á igualdade ou discriminatorias por razón de xénero. En calquera destes casos aplícase, de ser preciso, un protocolo similar ao do acoso.

Si que se recolle, tal e como establece o *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG N° 17, 27-xaneiro-2015)*, que será a comisión de convivencia do centro a encargada de:

“Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.”

- Nas concrecións anuais do Plan de Atención Titorial e do Plan de Orientación Académico e Profesional e na programación de vicedirección hai accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia aproveitando os recursos da consellería e doutros organismos:
 - a) Concello de Barbadás: concellería de educación e CIM
 - b) Concello de Ourense: Plan Vixia
 - c) Quérote: Centro de asesoramento afectivo-sexual para a mocidade da Xunta de Galicia.
 - d) Deputación de Ourense
 - e) Aseia: Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e Adolescencia.
 - f) Cruz Vermella
 - g) Goberno de España, Secretaría de Estado de Seguridad: Plan Director para la convivencia y la mejora de la seguridad en los centros educativos y sus entornos.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.

Datos xerais do centro curso 23-24

DATOS XERAIS	TOTAL	MULLERES	HOMES
ALUMNADO	385	184 47,8%	201 52,2%
PROFESORADO	41*	29 71%	12 29%
PERSONAL NON DOCENTE	5	5 100%	0 0%
TOTAIS GLOBAIS	431	218 50,6%	213 49,4%

*inclúe profesorado de relixión, PT, AL e PROA+

Datos do alumnado dependendo do tipo de ensino

	CURSO	TOTAL	MULLERES	HOMES
ESO	1° 26/25/26	77	39 51%	38 49%
	2° 22/21/21/21	85	45 53%	40 47%
	3° 29/27	57	24 42%	33 56%
	4° 20/21/23	66	33 50%	33 50%
		285	141 49,5%	144 50,5%
BCH	1° 17/26	43	18 42%	25 58%
	2° 29/28	57	25 44%	32 56%
		100	43 43%	57 57%

Datos do alumnado dependendo da modalidade de bacharelato

CIENCIAS	1°	2°	CIENCIAS SOCIAIS	1°	2°	HUMANIDADES	1°	2°	TOTAIS Globais			
	BCH	BCH		BCH	BCH		BCH	BCH				
Alumnas	3	9	12	Alumnas	10	8	18	Alumnas	6	7	13	43
Alumnos	11	19	30	Alumnos	8	11	19	Alumnos	5	3	8	57
TOTAIS	14	28	42	TOTAIS	18	19	37	TOTAIS	11	10	21	100

Representación do profesorado e do alumnado nos distintos órganos de decisión do centro.

ÓRGANO COLEXIADO	CCP	CLAUSTRO	CE	DELEGADOS/AS*	SUBDELEGADOS/AS*
MULLERES	13	29	14	5	11
HOMES	6	12	5	11	5
TOTAIS	19	41	19	16	16

Cúmprese a normativa para elección de delegado en todos os cursos.

(5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos. Apartado 1. Organización do centro. Punto 3 Cambiar a forma de elección do delegado/a de aula propoñendo listas cremalleira.)

Necesidades específicas de apoio educativo (novembro 2023)

CURSO	Tipo de medida de atención á diversidade	MULLERES	HOMES	TOTAIS
1º ESO	ACI	0	3	3
	EXENCIÓN 2º IDIOMA	8	14	22
	EXENCIÓN GALEGO	0	0	0
	PT	5	7	12
	AL	4	3	7
2º ESO	ACI	0	1	1
	EXENCIÓN 2º IDIOMA	9	10	19
	EXENCIÓN GALEGO	1	3	4
	PT	0	1	1
	AL	5	7	12
3º ESO	ACI	1	1	2
	PT	1	0	1
	AL	0	1	1
4º ESO	EXENCIÓN GALEGO	0	2	2
	ACI	1	0	1
	PT	1	0	1
	AL	1	0	1

Este ano o centro conta co apoio dun profesor de reforzo dentro / fóra da aula que desenvolve o proxecto PROA + atendendo fundamentalmente ao alumnado ca materia de galego pendente nos cursos e grupos seguintes: 2º ESO A-B-C; 3º ESO A-B, 4º ESO A -B-C

Uso de espazos escolares e participación en actividades complementarias e extraescolares:

A volta á normalidade despois da alarma sanitaria é total.

As modificacións da vida escolar corresponden ás obras de ampliación ao construírse unha nova planta e dúas escaleiras exteriores nos laterais do edificio.

A presenza de andamios rodeando o edificio impide o uso do patio dianteiro e dificulta a utilización da cancha de baloncesto, o que reduce de xeito importante os espazos de lecer. Para paliar esta situación, na medida do posible, e cumprir coa normativa de impulsar a actividade física e os hábitos de vida saudable, usarase de xeito controlado o pavillón durante o recreo.

Nas actividades complementarias e extraescolares non se observan diferenzas significativas de participación por xénero.

En relación ao voluntariado do alumnado, no que se refire a mellorar a convivencia escolar, continúa activo o Equipo de Mediación. Este curso o alumnado mediador será o do curso pasado que renovou o seu compromiso e o profesorado que continúa ou se incorpora ao proxecto.

Este persoal (docente de nova incorporación e alumnado) recibirá formación de unha sesión semanal. O Equipo de Mediación ten unha docente responsable, catro docentes de apoio e contará cunha formadora externa cualificada.

NIVEL	Alumnas	Alumnos	NIVEL
1ºESO	-	-	
2º ESO	-	-	
3ºESO	6	1	FORMACIÓN
4ºESO	6	2	FORMACIÓN
1ºBCH	-	-	
2ºBCH	2	0	MEDIADORES/AS
TOTAIS	14	3	

Estase á espera de poder estender o voluntariado colaborando ca Fundación Amigos de Galicia, co Banco de Alimentos de Ourense, coa Cruz Vermella Ourense e con AIXIÑA.

Na biblioteca, contarase con 11 alumnos e alumnas colaboradores que nos recreos terán as seguintes funcións:

- Colaborar na elaboración e desenvolvemento do Proxecto da Biblioteca
- Recoller e canalizar as propostas do profesorado e alumnado con respecto ás actividades relacionadas coa biblioteca.
- Facilitar información e recursos aos membros da comunidade educativa
- Apoiar ao profesorado así como á responsable da biblioteca na organización e dinamización da biblioteca: facer empréstitos e devolucións cando teña adquirida a formación pertinente.
- Organizar, clasificar e catalogar os fondos

Nivel de titulación e resultados académicos obtidos no curso 22-23

CURSO	Alumnado por grupo	TOT	PROMOCIÓN POSITIVA	PROMOCIÓN OBLIGADA	NO PROMOC
1ºESO	27/29/27	39M	32 M	3M	4M
		44H	36H	3H	5H
		83	68	6	9
2ºESO	26/26/25	35	23M	0M	12M
		42	28H	2H	12H
		77	51	2	24
3ºESO	25/25/25	38	29M	4M	5M
		37	27H	1H	9H
		75	56	5	14
CURSO	Alumnado por grupo	TOT	TITULAN		NO TITULAN
4ºESO	27/25	26	19M		7M
		26	19H		7H
		52	38		14
CURSO	Alumnado por grupo	TOT	PROMOCIÓN POSITIVA	PROMOCIÓN OBLIGADA	NO PROMOC
1ºBCH	21/23/21	29	25M		4M
		36	32H		4H
		65	57		8
CURSO	Alumnado por grupo	TOT	TITULAN		NO TITULAN
2ºBCH	14/23	27	20M		2M
		15	15H		0H
		37	35		

Outros datos

na ESO

Abandono escolar temperán 3% (9/286)
 Taxa de idoneidade 82% (234/286)
 Absentismo escolar 1% (3/286)
 Alumnado da ESO que continúa os seus estudos no bacharelato 78% (30/38)

no BACHARELATO

Alumnado dado de baixa no bacharelato 2% (2/102)
 Alumnado do bacharelato que supera as ABAU 95,7 % (22/23)
 Alumnado do bacharelato que continúa os seus estudos na universidade 90% (18/20)

CONFLITIVIDADE ESCOLAR

Registro de condutas contrarias á convivencia

curso 22-23

Distribución do alumnado con amoestacións por xénero

Curso 22-23	1º trimestre			2º trimestre			3º trimestre		
	Totais	mulleres	homes	Totais	mulleres	homes	Totais	mulleres	homes
385	62 alumnos /25 alumnas amoestados/as*			59 alumnos/27 alumnas amoestados/as*			41 alumnos/17 alumnas amoestados/as*		
1ºESO	91	14	77	68	19	49	60	2	58
2ºESO	84	6	78	63	13	50	73	13	60
3ºESO	25	0	25	29	4	25	25	4	21
4ºESO	17	5	12	23	4	19	12	5	7
1ºBCH	3	1	2	26	6	20	1	0	1
2ºBCH	13	9	4	0	0	0	0	0	0
TOTAIS	233	30	203	209	46	163	171	24	147
%		12,9 %	87,1 %		22,00%	78,00%		14,00%	86,00%

O comportamento disruptivo ten claramente un nesgo masculino.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:

4.1. Promoción

4.1.1.da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Mellorar a taxa de participación das alumnas no centro
- Promover unha orientación académica e profesional libre de estereotipos de xénero

4.1.2.do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Mellorar a información e formación a nivel afectivo-sexual de todos os membros da comunidade educativa.
- A concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro será a seguinte:
- O corpo e o seu desenvolvemento (Información xeral, habilidades para resistir a presión do grupo e actitudes para comprender e aceptar os cambios: AUTOESTIMA).
- Determinantes sociais e culturais da sexualidade.

- Información sobre a influencia da presión do grupo, dos medios de comunicación, da pornografía e das redes sociais.
- Habilidades para saber dicir NON.
- Actitudes de respecto a outros puntos de vista, valores ou normas.
- Fertilidade e reprodución.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero ou LGBTIfobia.

- Activar os protocolos e /ou as medidas de intervención incluso se non hai colaboración por parte da presunta vítima. Tendo especial coidado para actuar con cautela respectando ao máximo a confidencialidade e en ningún caso restando importancia á situación.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

5.1. Organización do centro.

1. Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no 1º Consello Escolar de cada curso para participar no impulso do Plan de igualdade.
2. Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade.
3. Cambiar a forma de elección do delegado/a de aula propoñendo listas cremalleira.
4. Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
5. Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
6. Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
7. Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar .

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

1. Realizar actividades de sensibilización na aula.
2. Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización.

1. Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar: Club de Lectura e lecturas obrigatorias das materias de linguas.
2. Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.
3. Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado, etc.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

1. Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
2. Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente, etc.
3. Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
4. Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

6 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Analizaremos os datos da táboa seguinte engadindo propostas de mellora que serán a base do Plan de Igualdade do curso 24-25

<i>Obxectivos</i>	<i>Medidas concretas no curso</i>	<i>Grao de logro *</i>	<i>Proposta de mellora</i>
	5.1.1. No CE noméarase a persoa responsable durante un curso escolar		
	5.1.2 Difusión do Plan por escrito, con charlas e a través de medios electrónicos.		
	5.1.3 Facer a elección de delegado/a por lista cremalleira		
4.1.1	5.1.4 Solicitar charlas e obradoiros para alumnos e familias.:		
4.1.2	Plan Vixia e Plan Director		
4.2.1	5.1.5 Cumprir o PEC		
4.2.2	5.1.6 Convenios coa ANPA e o CIM de Barbadás		
	5.1.7 Actos do 25 de novembro e do 8 de marzo		
	5.3.1 Exposición, teatro ,concurso pola igualdade. Colaboran biblioteca, ANPA, EDLG e Vicedirección		
	5.3.2 Plan proxecta PVAD _RECREOS ACTIVOS		
	5.3.3 Exposicións: Autoras (género terror, autoras dal Letras e do SEG), mulleres astrónomas, concreción do PAT e do POL		
	5.4.1 Charlas entre iguais, sesións de tutoría, mediación escolar		
	5.4.2 Rede de mediadores do centro, proxecto alumnos titores.....		

Para analizar o grao de logro do obxectivo utilizaremos os seguintes indicadores. Cada un conta un 20%

ÁREA MEDIDA	INDICADOR
Grao de logro do obxectivo	Porcentaxe do cumprimento das medidas planificadas
	Idoneidade da metodoloxía empregada para levar a cabo as tarefas
	Pertinencia dos recursos empregados
	Coherencia e cumprimento da temporalización
	Implicación do/s responsable/s

7. ANEXO : ESQUEMA DE ACTUACIÓN para abordar as condutas contrarias á convivencia por razón de xénero

PASO 1. Coñecemento do caso

Detección pasiva: unha persoa informa dos feitos. Pode ser calquera.

Detección activa: cuestionarios, actividades de sensibilización.

PASO 2. Toma de decisións inmediatas:

Equipo directivo con titor, Orientación, responsable da coeducación... tendo en conta toda a información dispoñible, avalíase a intervención que é axeitada.

PASO 3. Medidas de emerxencia

Protección: Medidas de protección urxentes para os estudantes para garantir a súa seguridade

Contención: Medidas de precaución co agresor ou agresoras.

Remisión a outras instancias sociais ou xudiciais, se o caso o require.

PASO 4. Comunicación ás familias.

Comunicación inmediata ás familias. Información sobre os feitos e medidas de precaución adoptadas.

PASO 5. Información e implicación do equipo docente.

O equipo directivo pode:

1. Informar ao equipo docente para asegurar unha atención adecuada aos estudantes implicados.
1. Adopción de medidas educativas e/ou remitir o caso aos servizos especializados para atender á vítima se a situación o require

PASO 6. Contrastar e recoller información.

Planificar a recollida de información sobre o caso detectado, tomando decisións sobre a observación sistemática de posibles indicios que axuden a verificar e axustar a intervención.

PASO 7. Corrección e medidas disciplinarias.

Correccións e medidas disciplinarias, de acordo co Plan de Convivencia.

PASO 8. Comisión de convivencia.

Comunicación á comisión de convivencia polo procedemento habitual e actuacións propostas no centro.

PASO 9. Información á inspección.

O informe recollido e as propostas de acción comunícanse á Inspección Educativa.

PASO 10. Intervencións educativas.

Planificación das diversas intervencións educativas que o centro propón realizar co alumnado directamente implicado e coa comunidade educativa, se procede.

PASO 11. Información ás familias.

Comunicación ás familias das accións a realizar.

PASO 12. Seguimento do caso.